



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Servizos Sociais

Axudas ás familias para a escolarización dos seus fillos/as para o curso 2025-2026

2025/A002/000005

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS SEUS FILLOS-FILLAS PARA O CURSO 2025-2026

Esta convocatoria ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas á adquisición de material escolar, co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar as familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos/fillas matriculados nos cursos de Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, Bacharelato, FP Básica, Ciclos Formativos de Grao Medio, Superior e estudos de conservatorio profesional de música, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galiza, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nas bases de execución do orzamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.

1º.- Beneficiarios/as.

Poderán ser beneficiarios/as destas axudas o pai/nai, ou titor/a legal do alumnado que vaian cursar calquera dos seguintes estudos: Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria, FP Básica, Bacharelato, Ciclos Formativos de Grao Medio, Superior e Estudos no conservatorio profesional de música.

Os/as beneficiarios/as deberán reunir os seguintes requisitos:

- Á unidade familiar debера estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello das Pontes no momento da solicitude.
- Estar en posesión do DNI ou NIE
- Que a renda da unidade familiar non supere os 22.500€, se ben no caso de familias numerosas incrementárase o límite en 2.500 € a partires do terceiro fillo/a.
 - a) Para a determinación da renda dos membros computables que tiveran presentado a declaración da renda das persoas físicas, procederase do seguinte xeito: Na mesma declaración da renda, sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
 - b) Para a determinación da renda dos demais membros computables que obtiveran ingresos propios e non tiveran presentado a declaración polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) e do resultado obtido restaranse os pagos a conta efectuados.

Para o cálculo da renda familiar son membros computables o pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda, no seu caso. Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar. No caso de proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, poderían presentar cada un unha solicitude con a súa declaración e, sempre que cumprisen os requisitos, tería dereito ao 50% da axuda cada proxenitor.

Non terá a consideración de membro computable:

O agresor nos casos de violencia de xénero.

2º.-Obxecto da convocatoria.

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

2.- Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para adquisición de material escolar, material informático ou material para estudos no conservatorio profesional de música, para as familias para atender os gastos derivados polo inicio do curso escolar.

3.- As familias poderán solicitar axudas para a adquisición de material escolar para o curso no que estean matriculados e a maiores a axuda para adquisición de material para o conservatorio profesional de música.

Considéranse gastos subvencionables todos aqueles derivados da compra de produtos destinados a escolarización dos/as menores: libros de texto, libros de lectura, material escolar (cadernos, lapis, mochila, estuche, ceras, folios...) material informático (ordenadores, tablets, etc). Material para o conservatorio (partituras, libros de musica, pezas consumibles dos instrumentos...)

3º.- Financiamento, importe e contía das axudas.

O financiamento destas axudas efectuarase con cargo ao orzamento de 2025 nas aplicacións orzamentarias 320.48100 por importe de 33.500,00€ e 320.78100 por importe de 1.500,00€. A contía para as axudas ascende a un importe total de 35.000€.

No caso de que finalizado o prazo de solicitude se tiveran presentado un número de solicitudes para o que non foran dabondo as contías inicialmente consignadas, poderanse ampliar os créditos ata a cobertura do maior número delas posible.

Non obstante, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito antes de proceder á concesión das axudas por este importe adicional.

Se aínda así o orzamento asignado non é suficiente para conceder todas as axudas solicitadas aplicarase como criterio de prioridade os ingresos económicos da unidade familiar a data e hora de presentación.

A contía individual de cada axuda será variable segundo o curso no que estea matriculado/a cada alumno/a:

- | | |
|-----------------------------------|------|
| • Educación infantil 0-3 anos | 30€ |
| • Educación infantil 3-6 anos | 100€ |
| • Educación primaria e secundaria | 100€ |
| • Ciclos formativos | 140€ |
| • Bacharelato | 140€ |
| • FP Básica | 80 € |
| • Conservatorio grao elemental | 40€ |
| • Conservatorio grao profesional | 60€ |

4º.- Lugar e prazo de presentación da solicitudes

As solicitudes serán entregadas no rexistro do Concello de As Pontes (cita previa nos teléfonos 667129389 / 667129380), sito no Parque Municipal, s/n, baixo, en horario de atención ao público ou a través da sede electrónica.

Cada solicitude debe ir acompañada da seguinte documentación:

Solicitude, segundo o modelo establecido

- DNI do solicitante
- Libro de familia (completo) ou certificación literal de inscrición de nacemento e no caso de familias numerosas, título de familia numerosa.
- No caso de estudos de BAC, FP Básica, Ciclos Formativos e conservatorio profesional de música: copia ou certificado de matrícula do centro de estudos.
- No caso de familia monoparental: Sentencia xudicial, no caso de separación ou divorcio. Certificado de defunción de ser o caso, ou certificado de familia monoparental
- Anexo II: Declaración responsable
- Calquera outra documentación que a comisión de avaliación considere oportuna.

No caso de non autorizar ao Concello para a consulta directa da situación tributaria, empadramento ou débedas con outra administración debера aportarse:

- Declaración do IRPF do exercicio 2023 (completa) de tódolos membros da unidade familiar, ou no caso de non tela presentada, certificado de imputacións de rendas correspondentes ao ano 2023, expedido pola Axencia Tributaria, referidos a tódolos membros da unidade familiar maiores de idade.

- Certificado de non existencia de débedas coa AEAT, seguridade social e concello das Pontes referidos a tódolos membros da unidade familiar maiores de idade.
- Certificado de empadramento colectivo.

A falsidade ou ocultación de datos determinará, sen prexuízo de que o concello exercite as accións oportunas contra os responsables, a exclusión deles de futuras convocatorias de bolsas municipais.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP de conformidade co procedemento establecido no art. 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A presentación da solicitude de subvención fora do prazo establecido e a non utilización, no seu caso, dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de inadmisión da solicitude.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicional das presentes bases reguladoras.

Abrirase un prazo extraordinario dende o 22 ao 30 de setembro de 2025, para aquel alumnado que, por obrigación, teña que formalizar a matrícula en setembro.

5º.- Procedemento e instrución do procedemento:

A concesión da subvención regulada nesta convocatoria, realizarase de acordo co establecido nos artigos 22.1 e 23 a 27 da LXS.

5º.- 1. Instrución:

O Negociado de Educación, órgano instrutor do procedemento, encargárase de revisar os expedientes de solicitude e verificará que conteñan toda a documentación esixida.

Nomearase unha Comisión de avaliación, encargada de avaliar todas as solicitudes e emitirá un informe no que se concretará o resultado da mesma. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional á Concelleira-Delegada que será o órgano competente para a súa concesión mediante resolución, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, co arranxo aos criterios de valoración establecidos nas presentes bases.

Para estes efectos a Comisión de avaliación estará composta polos seguintes membros:

- Presidencia: a concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación ou concelleiro/a en que delegue.
- Vogais: dúas técnicas municipais da área de Benestar Social.
- Secretaría da comisión avaliadora (con voz e voto): un/unha empregado/a da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude que actuará con voz e voto.

5º.-2. Procedemento de concesión:

Realizarase a través de convocatoria pública, seguindo o procedemento de concorrência non competitiva, en réxime de avaliación individualizada, comprobando que os solicitantes cumpren coa totalidade dos requisitos establecidos e tamén coa documentación recollida nas bases reguladoras e na súa convocatoria.

Aquelas solicitudes que cumpran cos requisitos esixidos, até esgotar o crédito inicial dispoñible da convocatoria, serán propostas para ser resoltas favorablemente:

A comisión de avaliación emitirá informe concretando o resultado da mesma que, por conduto do órgano instrutor, someterase a aprobación do órgano concedente.

5º.- 3. Publicación:

Previamente a elaborar a proposta de concesión, publicaranse para os efectos de notificación na páxina Web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello, as seguintes listaxes:

a) Persoas solicitantes propostas como beneficiarias por presentar a súa solicitude, reunindo a totalidade de requisitos e documentación requirida na convocatoria antes de esgotarse o crédito inicialmente dispoñible destinado a atender estas axudas.

b) Persoas solicitantes que non cumpren os requisitos establecidos na convocatoria quedando a súa solicitude desestimada.

c) Persoas solicitantes que non achegaron a totalidade da documentación requirida con indicación da documentación requirida.

As persoas solicitantes referidas no punto a) e c) outorgaráselles o prazo de dez (10) días hábiles para que aleguen o que no seu dereito consideren oportuno, ou no seu caso, emenden a súa solicitude e presenten a documentación requirida.

Transcorrido o prazo establecido para alegar e emendar as solicitudes requiridas e adoptadas as medidas precisas, o órgano instructor elevará a proposta de acordo para que a someta a aprobación do órgano competente e procederase á súa posterior publicación.

6.-Resolución, notificación e recursos.

A concesión das subvencións será aprobada por resolución da concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación trala formulación da proposta de concesión realizada pola unidade administrativa encargada da instrución á vista do informe da comisión avaliadora.

As subvencións concedidas de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015 e publicaranse para os efectos de notificación na páxina web municipal, a través do taboleiro anuncios electrónico do Concello así como na BDNS.

O prazo máximo para resolver e notificar o acordo será de seis meses a contar do seguinte á finalización do prazo de presentación das solicitudes. A resolución de concesión poñerá fin á vía administrativa, para os efectos da interposición dos recursos administrativos que procedan realizarse de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7º.-Forma e pagamento das axudas.

Trala resolución de concesión da axuda económica, as contías serán aboadas mediante a entrega dun vale indivisible e canxeable polo dito material escolar. Deste xeito, a persoa beneficiaria acudirá ás oficinas de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida.

Unha vez que a persoa beneficiaria este en posesión do vale, poderá ser canxeado polos libros, material escolar ou material informático, nos establecementos e entidades colaboradoras que teñan asinado convenio de colaboración co Concello das Pontes de García Rodríguez e polo importe máximo que figura no documento, antes do 30 de novembro de 2025.

Os establecementos deberán entregar obrigatoriamente a facturación dos vales antes do 15 de decembro de 2025 no rexistro xeral do concello de As Pontes. As facturas iran acompañadas dos vales e indicaran o gasto detallado de material, debendo este, vir asinado polo beneficiario e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba o Regulamento de facturación.

8º- A xustificación das axudas.

Unha vez entregadas as facturas xunto cos vales por parte das entidades colaboradoras estas serán remitidas ao negociado de Educación que revisará os xustificantes de gasto entregados (facturas+relación de artigos proporcionados) e emitirá informe conforme os gastos incluídos son subvencionables.

9º.- Compatibilidade da subvención

A concesión destas axudas será compatible con calquera outro tipo de axuda ou subvención que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

10º.- Protección de datos.

- Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados polo Concello das Pontes de García Rodríguez co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.
- A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que o Concello utilice imaxes de persoas físicas para promover a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento. Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.
- As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica do Concello das Pontes de García Rodríguez ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpe co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.
- As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade do Concello ou dirixindo un correo a lopd@aspontes.org

11º.-Disposición final.

Para todo aquilo non regulado nestas bases estarase ao disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e Bases de Execución do orzamento para o exercicio 2025.

As Pontes de García Rodríguez, 20 maio de 2025

Asdo.: María Tania Pardo Cabarcos

Concelleira delegada da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación

ANEXO I. SOLICITUDE

AXUDAS AS FAMILIAS PARA A ESCOLARIZACIÓN DOS/DAS FILLOS/AS. CURSO 2025/2026

Nome e apelidos do solicitante (pai/nai ou titor)			DNI/NIE
Dirección (rúa, número, piso, porta)			
Código Postal	Teléfono 1	Teléfono 2	Correo electrónico

FILLOS/AS PARA OS QUE SOLICITA A AXUDA

1º Fillo/a	DNI/NIE	Data nacemento
Curso no que se matrícula	Centro educativo	
☐ MATRICULADO NO CONSERVATORIO: ☐ NO GRAO ELEMENTAL ☐ NO GRAO PROFESIONAL		

2º Fillo/a	DNI/NIE	Data nacemento
Curso no que se matrícula	Centro educativo	
☐ MATRICULADO NO CONSERVATORIO: ☐ NO GRAO ELEMENTAL ☐ NO GRAO PROFESIONAL		

3º Fillo/a	DNI/NIE	Data nacemento
Curso no que se matrícula	Centro educativo	
☐ MATRICULADO NO CONSERVATORIO: ☐ NO GRAO ELEMENTAL ☐ NO GRAO PROFESIONAL		

4º Fillo/a	DNI/NIE	Data nacemento
Curso no que se matrícula	Centro educativo	
☐ MATRICULADO NO CONSERVATORIO: ☐ NO GRAO ELEMENTAL ☐ NO GRAO PROFESIONAL		

Información sobre protección de datos. Responsable do tratamento: Concello das Pontes. **Finalidade:** Tramitar e xestionar as solicitudes da Axuda de Estudos. Datos de contacto do **Delegado de Protección de Datos:** lopd@aspontes.org **Base legal:** execución dun contrato; cumprimento dunha obrigaçión legal (Lei 7/1985, de bases del réxime local art. 27.2.f); interese público (Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia); consentimento, que sempre é revogable. **Destinatarios:** tramitadores das solicitudes. **Prazos de conservación:** o tempo necesario para cumprir coa finalidade informada e mentres podan derivarse responsabilidades legais. **Dereitos:** acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, portabilidade, dirixíndose ao Concello das Pontes, Parque Municipal s/n, 15320 As Pontes (A Coruña), por correo electrónico info@aspontes.org o dirixíndose á Sede Electrónica. Pode presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO/DA SOLICITANTE

NOME

DNI/NIE

de conformidade co establecido nas bases da convocatoria de axudas as familias para a escolarización dos/as fillos-fillas para o curso 2025-2026

DECLARO

1. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que non estou afectado en causa de incompatibilidade ou incapacidade algunha para percibir subvencións da administración pública.
2. Que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de As Pontes poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que me fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
3. Que todos os membros da unidade familiar están ao corrente das obrigas tributarias, seguridade social e co Concello das Pontes.
4. Que todos os membros da unidade familiar están empadroados no concello de As Pontes.

A/o solicitante, así como os abaixo asinantes, como únicos integrantes maiores de idade da unidade familiar, coñecedores das bases da convocatoria, **AUTORIZAMOS** ao Concello das Pontes para solicitar no noso nome as correspondentes certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, a facer as comprobacións oportunas que certifiquen estar ao corrente das obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello das Pontes, así como á comprobación do empadramento, a fin de acreditar o cumprimento destas obrigas. **NO CASO DE NON AUTORIZAR** o/a interesado/a deberá aportar as certificacións correspondentes:

- Declaración do IRPF do ano 2023 expedido pola Axencia Tributaria, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade, ou certificados de imputacións, no caso de non estar obrigado a facela.
- Certificado de non existencia de deberes coa AEAT, Seguridade Social e concello das pontes, referidos a todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- Certificado de empadramento colectivo.

Datos e sinatura do outro proxenitor (se fose o caso e non hai separación ou divorcio) e dos/das fillos/as con idade entre 18 e 25 anos:

NOME	DNI/NIE	FIRMA

As Pontes, de de 2025
Asdo. Solicitante

2025/3238